

MEMORIA DESCRIPTIVA DA BOA PRÁCTICA:
ANÍMATE A TECER, MENTRES LEMOS E CREAMOS



A Biblioteca Pública Municipal Tomás de Libeiro está situada no Concello de Entrimo. O noso Concello ten unha poboación de 1.106 habitantes (525 homes e 581 mulleres). Conta cunha superficie aproximada de 84,53 km² repartidos en 17 parroquias, o que conleva que as parroquias están moi dispersas unhas doutras.

O despoboamento e o envellecemento, conleva a falta de actividades sociais, o illamento, a soidade e un aumento de enfermidades mentais como a depresión e a ansiedade.

O proxecto que se está levando a cabo na Biblioteca Tomás de Libeiro pretende crear unha rede social que a través da cultura chegue a diferentes colectivos (nenos, anciáns, mulleres, poboación en xeral...) e recupere a cooperación, a comunicación, a sensación de sentirse parte dun grupo e a colaboración entre xeracións.

O feito de facer da Biblioteca un lugar multidisciplinar contribúe activamente a que a poboación do Concello reciba unha variedade de servizos que doutra forma non serían de fácil acceso. Ao mesmo tempo, a Biblioteca preséntase como un eixo fundamental da nosa vida social.

DESCRINCIÓN PORMENORIZADA

“*Anímate a tecer, mentres lemos e creamos*” trátase dunha reunión para homes, mulleres e nenos na que se comparten coñecementos sobre gancho e punto e realízanse labores en común. Mentres as persoas tecen, unha persoa le en voz alta, e logo coméntase entre todas o lido.

A actividade comezou o día 20 de setembro de 2023 e alongouse ata o mes de abril de 2024.

Reuníamonos os mércores unha vez por semana a partir das 17 horas.

Esta actividade está dirixida a homes, mulleres e nenos, sen límite de idade. E a difusión da mesma fíxose a través de carteis, redes sociais (grupos de WhatsApp e facebook) e a través do boca a boca.

Informouse de forma individual tanto ao *Colexio de Santa María a Real*, ao *IES Aquis Querquennis*, e á *Asociación de Mulleres do Rural* que ten a súa sede en Terrachán.

Tamén se enviou publicidade á asociación de Ourense *Saúde mental Feafes Galicia*, para que convidasen os seus usuarios a participar.

Fíxose fincapé en convidar a nenos e nenas porque esta actividade favorece a concentración, a paciencia, a escóita, a colaboración e a creatividade, que son moi importantes para o seu desenvolvemento mental.

En total participaron 21 persoas: 14 adultos e 7 nenos.

Como a difusión da actividade se fixo tamén a través de facebook, abriuse a posibilidade de que participasen persoas doutros Concellos, e así foi, viñeron desde Bande e Lobeira a tecer e a ler connosco.

O material utilizado (las, fíos, agullas e botóns) foi cedido por mulleres do noso concello, ben porque xa non o ían a utilizar ou ben o compraron para participar na nosa iniciativa. Os libros de lectura utilizados pertencen á Biblioteca.

Fixáronse dous obxectivos comúns para tecer entre todas as participantes:

- Moedeiros para regalar en nadal aos avós e avoas que viven nas dúas residencias de anciáns de Entrimo, e
- Adornos do Nadal para colocar na Terrachán e na Feiravella.

Unha vez pasadas as festas do Nadal, as participantes teceron os seus propios traballos e continuaron co labor de ensinar ás principiantes, e escoitar as lecturas.

DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS

Desde un inicio a actividade desenvolveuse dunha maneira fluída tanto no número das participantes como na variedade das mesmas: persoas desde 7 a 81 anos.

Aínda que era algo novo para elas, o tema de que alguén estivese a ler mentres se tecía, aceptárono de bo grao e trala lectura xeráronse conversacións moi interesantes. Este ano lemos contos que convidaban á reflexión e que logo nos permitían ter unha conversación ao redor do que se leu.

A actividade facilitou o coñecemento de persoas novas, e que as persoas que se coñecían, puidesen contar cun lugar de encontro para compartir as súas inquietudes, as súas preocupacións e a súas sapiencias. Foi moi bonita a relación que se creou entre as persoas máis maiores e as máis pequenas. Entendéronse perfectamente, e as Mestras, crearon nas máis novas a inquietude por aprender.

Ademais ao xuntar a persoas de varias xeracións créanse sinerxias moi gratificantes e mesmo se potencia a creación de lazos persoais máis aló da actividade.

Non se conseguiu atraer os homes para tecer, aínda que si participaron doutras maneiras: traendo e recollendo as súas mulleres á Biblioteca, axudándonos na festa que fixemos para os maiores das residencias (viñeron connosco e tocaron a concertina), e axudándonos a colgar os adornos de nadal.



Os dous obxectivos que nos marcamos para tecer cumpríronse:

- Entre todas tecemos 31 carteiras para regalar na festa de Reis aos avós e avoas das residencias. Ese día, ademais de darlles os agasallos, bailamos con eles ao ritmo de música de concertina e conseguimos alegrarlles a mañá.
- Cos adornos do Nadal que tecemos espertouse a creatividade das participantes e enchemos de colorido A Terrachán e A Feiravella. Entre todas tecémolos, e entre todas colocáronse. Con este traballo potenciouse tamén a colaboración, o cariño e a solidariedade.

Podemos ver nas fotos algúns exemplos dos traballos realizados, e que por suposto serán reutilizados noutros lugares no seguinte Nadal.



Biblioteca de Entrín



Ao acabar o inverno, moitas das participantes comezan cos labores do horto e os xardíns, así que demos a actividade por finalizada e emprazámonos para seguir xuntándonos despois do verán con novas ideas para tecer e libros para ler.

Esta actividade pretendía crear na Biblioteca un lugar onde poder previr as secuelas da soidade. O inverno é duro nos lugares con tan pouca poboación e hai moitas persoas afectadas de depresión e de ansiedade. Fixéronnos saber algunha das asistentes e mesmo os seus familiares, que esta actividade espertara nelas a ilusión. Ao sentirse parte activa dun grupo (todas as decisións tomámoslas democraticamente), sentirse ocupadas, acompañadas e queridas e poder falar en confianza coas demais, xerou un espazo sanador e preventivo.

Tamén o feito de que os resultados se compartisen co exterior en modo de agasallos para os maiores e adornos dos que todo o Concello puido gozar, trouxo as asistentes gran satisfacción e orgullo de que o esforzo merecía a pena. Recibíronse moitas felicitacións, tanto de viva voz, como a través das redes sociais, xa que fomos publicando nelas os resultados do noso amoroso traballo.

O traballo cos máis pequenos foi moi gratificante para elas e para eles. De feito preguntan constantemente cando retomaremos a actividade. Conseguiuse que visen outras formas de comunicación e que gozasen sen o uso de dispositivos móbiles. Ademais as lecturas elixidas, tamén tiñan en conta que fosen apropiadas para os/as menores. Alén disto, creouse unha ligazón entre os maiores e os pequenos (algúns nin se coñecían), e ata se fixeron agasallos.

Foi moi beneficiosa a sinerxia entre ambas, unhas compartindo a súa sabedoría e paciencia e as outras coa súa alegría e explosión de enerxía.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Esta é a primeira vez que se realiza unha actividade deste tipo na Biblioteca e non sabiamos se ía ter aceptación.

A actividade foi un éxito dada a participación na mesma de 21 persoas. A medida que a xente se foi decatando do que estabamos a facer, o número de persoas crecía e tivemos que ampliar o número de mesas para caber todas no mesmo espazo.



BIBLIOTECA TOMÁS DE LIBERIO

FOLLA INSCRIPCIÓN ACTIVIDADES NA BIBLIOTECA

Datos da persoa inscrita:

Apellidos..... Nome.....
DNI..... Data de nacemento..... Sexo.....
Localidade..... Teléfono.....
Correo electrónico.....
Actividade.....

Datos da persoa representante (soamente para menores de idade)

Indique relación (Nai, Pai, Titor Legal...) de.....

Apellidos..... Nome.....
DNI..... Data de nacemento.....
Sexo.....
Localidade..... Teléfono.....
Correo electrónico.....
Actividade.....

Asinado:

En Entrimo, A de de

1

Para a participación na actividades da Biblitoeca é necesaria a inscrición previa e encher unha folla de inscrición cos datos persoais. Desta forma temos un control das persoas asistentes ao curso.

Tamén temos un grupo de *whatsApp* onde se avisa se esa semana alguén non vai poder asistir, ademais doutras comunicacións importantes para o grupo.

Ao estar nun Concello con pouca poboación, facilítase a proximidade coas asistentes: se hai alguén enfermo, se alguén propón facer algo no grupo... e salvo as persoas que veñen doutros Concellos, é habitual atoparnos noutros lugares distintose falar tamén sobre a nosa actividade. Recibimos comentarios moi satisfactorios

Todo isto permítenos avaliar que a actividade resultou moi positiva para todas as asistentes.

Outro punto que indica o éxito da actividade é a cantidade de comentarios positivos recibidos nas redes sociais, sobre todo no Facebook.

PROLONGACIÓN E/OU MELLORA DA BOA PRÁCTICA

Dada a boa acollida que tivo a actividade continuaremos con ela a partir de mediados de setembro.

Estamos a estudar a forma de motivar os homes para participar de tal xeito que no próximo ano convidarase a que sexan eles os que lean ás tecedoras.

Esperamos tamén contar con máis fondos para poder investir en material, sobre todo en lãs e fíos.

Queremos contar coa participación das avoas que viven na residencias ás que lles gusta tecer. Ou ben iríamos buscalas para que veñan á biblioteca, ou ben, unha vez ao mes, trasladaríamos a actividade á residencia para compartila con elas.

Tamén para o próximo curso, imos crear unha olla de avaliación na que as participantes nos avalíen e nos propoñan melloras.

MÉRITOS ALEGADOS

No Concello de Entrimo nunca se realizou unha actividade deste tipo na Biblioteca, co que resultou unha innovación e ademais deuse un enfoque creativo ao sumar a acción de tecer á de ler.

Implicamos na nosa actividade á comunidade e participaron na mesma:

- A Asociación de Mulleres do rural
- O Colexio Santa María a Real e o IES Aquis Querquenis
- Saúde Mental Feafes Galicia difundiu a nosa actividade entres os seus usuarios

En canto as diferentes tipoloxías e colectivos das persoas usuarias, participaron connosco:

- Unha persoa con diversidade funcional que estivo totalmente integrada no grupo e que participará tamén cando retomemos a actividade.

- No Concello de Entrimo contamos con poboación de Colombia e Arxentina que tamén se integraron no grupo (tanto adultos como nenas).
- Algunha destas persoas están en risco de exclusión social por pertencer ao colectivo de “ilegais” (en total catro persoas, tres delas nenas).
- A poboación do Concello está envellecida, co que unha gran parte das participantes son persoas xa xubiladas.
- Como falamos anteriormente, resultou moi gratificante observar a sinerxía entre adultos e nenas e poder contar cun espazo onde se relacionen mentres realizan unha actividade conxunta.

A repercusión que tivo a nosa actividade viuse reflectida na prensa, concretamente no xornal *La Región*, onde nun artigo con data 10 de novembro de 2023, se fixo referencia ás actividades realizadas na Biblioteca.



Para a difusión da actividade usamos carteis informativos que se colocaron nas diferentes parroquias. A isto sumouse a difusión en redes a través do Facebook do Concello: [concello_entrimo](#). Recentemente ampliamos a difusión de actividades a través de Instagram para chegar a xente máis nova.

O uso dos grupos de WhatsApp é fundamental no Concello para temas de comunicación e difusión de información, xa que as parroquias están moi afastadas unhas doutras. É unha forma de crear un nexa entre os habitantes.

A boa práctica “*Anímate a tecer, mentre lemos e creamos*” realizada na Biblioteca contribúe aos obxectivos da Axenda 2030. Desde a nosa humilde capacidade, contribuímos aos obxectivos nos seguintes puntos:

- Saúde e benestar: creando un espazo de benestar e comunicación como prevención de enfermidades mentais.
- Traballo decente e crecemento económico: integrando aos inmigrantes para que lles resulte máis fácil incorporarse á vida laboral
- Igualdade de xénero: Todas as actividades realizadas na Biblioteca son inclusivas e tratan de igual maneira a todos os xéneros.
- Vida de ecosistemas terrestres: Apostamos pola reciclaxe, o coidado da nosa natureza e o consumo responsable. Utilizamos las e fíos que foron doados por persoas que xa non os utilizaban e lemos os libros dos que dispón a biblioteca.

En Entrimo, a data de sinatura electrónica.

O Alcalde.
Ramón Alonso López.